



MEMORIA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E O CONCELLO DE BOIRO EN MATERIA DE RECADACIÓN EN VÍA EXECUTIVA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora da Axencia Tributaria de Galicia, **DECLARA:**

Que a Axencia Tributaria de Galicia formalizou có Concello de Boiro o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2016. Ó termo do devandito período, entenderase prorrogado por prazos anuais sucesivo, agás denuncia expresa con seis meses de antelación á data do seu vencemento, como mínimo.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Que a recadación en vía executiva dos ingresos de dereito público de que sexa titular o Concello de Boiro sexa realizado a través dos órganos de recadación da Axencia Tributaria de Galicia.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamentan no seguinte:

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 4.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e á luz



do preceptuado no artigo 8 apartado 3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; no artigo 198 da Lei 5/1997 e no artigo 7 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 18 de setembro de 2017.

A Directora da Axencia Tributaria de Galicia

M^a Victoria González Vázquez